



Programación Pedagogía Terapéutica

CURSO 2020-2021

C.E.I.P. FELICIANO BARRERA

ÍNDICE

1.- ÍNDICE.....	2
2.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2.1.- O CENTRO.....	4
2.2.- O ALUMNADO.....	5
2.3.- AS FAMILIAS.....	6
2.4.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.....	6
2.5.- O ALUMNADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.....	6
3.- ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO TRABALLO	9
3.1.- INTERVENCIÓN XERAL NO CENTRO	10
3.2.- INTERVENCIÓN CO ALUMNADO.....	10
3.3.- INTERVENCIÓN CO PROFESORADO.....	11
3.4.- INTERVENCIÓN COAS FAMILIAS	11
3.5.- INTERVENCIÓNS CO CONTORNO	12
4.- INTERVENCIÓN EDUCATIVA CO ALUMNADO CON N.E.A.E	13
4.1.- CRITERIOS XERAIS DE INTERVENCIÓN	13
4.2.- OBXECTIVOS.....	14
4.3.- COMPETENCIAS CLAVE	15
4.4.- CONTIDOS	18
4.5.- TEMPORALIZACIÓN	18

4.6.- METODOLOXÍA	19
4.7.- ACTIVIDADES.....	21
4.8.- RECURSOS.....	24
4.9.- AVALIACIÓN.....	25
5.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	27
6.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	28
7.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA.....	29
8.- ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á CRISE SANITARIA MOTIVADA POLA COVID - 19.....	31
8.1.- OBXECTIVOS MÍNIMOS EN CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	31
8.2.- CUESTIÓNS XERAIS ACERCA DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019 – 2020. PLANS DE RECUPERACIÓN...31	
8.3.- MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	32

2.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.1.- O CENTRO.

O centro atópase nun val, no núcleo rural de O Casal, lugar da Parroquia de San Xulián de Guláns, pertencente ao Concello de Ponteareas (Pontevedra), a unha distancia de 5 Km da cabeza do municipio e a uns 26 km de Vigo. Dita parroquia conta con uns 718 habitantes (datos 2018), distribuídos en 23 entidades de poboación, nas que a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar agrupadas en barrios dispersos.

Polo que respecta ao nivel socioeconómico da poboación de Guláns, pódese considerar de clase media-baixa. A presenza do sector secundario é practicamente inexistente e a maioría dos habitantes traballan no sector primario e terciario, sendo os homes os que fundamentalmente realizan traballos remunerados, mentres que a maioría das mulleres dedícanse ás labores do fogar e ao cultivo dos campos para autoconsumo e, aínda que en menor medida que anos atrás, parte desta produción vai destinada a unha posterior venta no mercado de Ponteareas. Caben destacar no sector primario a existencia das “Canteiras de Couso” e o cultivo de pementos, potenciado coa concesión da denominación de orixe “Pemento de Guláns”.

En canto á situación sociocultural, a parroquia de Guláns conta con diversas instalacións e actividades culturais, entre as que se atopan:

- A Avisoureira: unha casa cultural que conta cunha cafetería, un gran salón de actos, unha pequena biblioteca, tres ordenadores con acceso a internet, zona de recreo con pistas deportivas, parque infantil, ... Pola cercanía do noso centro e pola calidade das instalacións e o recinto, é habitual que realicemos algunhas actividades do centro nesta casa cultural.
- Banda de Música Unión de Guláns: unha das bandas máis antigas e con maior historia de todo Galicia.
- Escola de música da Banda de Música Unión de Guláns: está autorizada pola Consellería de Educación e asisten moitos dos alumnos/-as do centro.
- Asociación Cultural de Guláns: organiza varias actividades culturais, lúdicas e de formación (bailes de salón, ioga, pilates, actuacións, espectáculos, festas, ...)

- Comunidade de Montes San Cibrán: realiza unha labor de xestión e conservación do medio natural e subvenciona actividades e obras para toda a parroquia.
- Rancho de Reis de Guláns: un grupo que mantén vivo unhas danzas ancestrais típicas da zona sur de Pontevedra que só se bailan nas datas próximas ao Nadal. Varios alumnos/-as do centro pertencen a este grupo.
- Ao longo do ano hai outras asociacións que realizan actividades diversas nas que tamén adoita participar o alumnado do centro (comisións de festas, grupo dos rastrexos, asociación do pemento de Guláns, grupo de catequese, ...)

A vila de Pontearreas atópase a uns 9 km do centro. Alí as familias teñen acceso a biblioteca, museo, actividades culturais, ... O principal problema é que non se dispón dunha rede de transporte público adecuada, polo que moitas familias non teñen un fácil acceso á vila. Este problema existe tamén coa conexión con Vigo, que ten unha maior oferta cultural e está a uns 25 km, pero non tódalas familias dispoñen de coche propio para poder desprazarse ata alí.

2.2.- O ALUMNADO

Este curso contamos con 107 alumnos/-as procedentes principalmente de Guláns, Cristiñade e Ganade (Parroquia de Areas). En xeral, o alumnado pertence a familias dun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

En xeral é un alumnado non conflitivo, cun ambiente familiar que se atopa dentro do considerado como normal sen problemáticas graves de risco de exclusión social, alcoholismo, drogodependencia, abandono familiar, ... Existe algún caso concreto que xa conta co apoio dos servizos sociais do Concello.

No centro non hai alumnado doutras nacionalidades. Hai algúns pais e nais procedentes doutros países (Portugal e Brasil) e algúns nenos/-as que, aínda que foron adoptados por familias do lugar, proceden tamén doutros países.

O alumnado, en xeral, non presenta grandes desfases entre o seu nivel de coñecemento e a súa idade. Aínda así, aproximadamente un 30% do alumnado está considerados como alumnado con necesidades educativas e precisa dunha especial atención en distintos ámbitos da aprendizaxe.

2.3.- AS FAMILIAS.

As familias están organizadas en torno á ANPA. A ANPA funciona ben e adoita coordinarse de forma moi correcta co centro e coas familias. Tamén adoitan ter propostas interesantes para o alumnado e para o centro. Todo isto redunda en beneficio da boa relación existente entre tódolos membros da comunidade educativa.

As familias adoitan estar sempre dispostas a colaborar co centro en todo o que se lles pide. En xeral, salvo raras excepcións, preocúpanse pola educación dos seus fillos e fillas, asistindo de maneira periódica ás reunións cos titores e titoras, así como ás reunións xerais e ás distintas actividades organizadas polo centro. Ademais sempre colaboran nas actividades que propoñen os distintos equipos de dinamización e os titores e titoras.

Dende o centro mantense coas familias unha comunicación continua e eficaz a través de distintos medios. Este ano, pola crise sanitaria da COVID 19, priorizaremos as reunións de tipo telemático .

No que respecta a aquelas familias cunha situación problemática ou delicada, mantense un contacto frecuente cos servizos sociais do Concello de Pontearreas.

2.4.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.

Polo que respecta ao alumnado, a pesar de pertencer a un medio rural, a maioría fala castelán. Cada ano vaise perdendo un número maior de galego falantes.

2.5.- O ALUMNADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

Inicialmente, no CEIP Feliciano Barrera reciben apoio por parte das mestras de pedagogía terapéutica, un total de 18 alumnos e alumnas pertencentes ós diferentes niveis de Educación Primaria. A distribución do alumnado é a seguinte:

- **1º de Educación Primaria:**
 - Un alumno en proceso de valoración por posible retraso madurativo. Tamén presenta unha situación familiar adversa.

- **2º de Educación Primaria:**

- Un alumno con dificultades de aprendizaxe en tódalas areas curriculares.
- Unha nena que repetiu o primeiro curso da primaria por mostrar graves dificultades na adquisición da lectoescritura.
- Unha nena con dificultades de aprendizaxe, especialmente nas linguas.

- **3º de Educación Primaria:**

- Un alumno con dificultades de aprendizaxe e pautas peculiares de comportamento pendentes de valoración.
- Unha nena con dificultades de aprendizaxe, especialmente no razoamento lóxico.

- **4º de Educación Primaria:**

- Un alumno que repetiu o terceiro curso da primaria con dificultades de aprendizaxe e cun contexto familiar desfavorecido. Ten un diagnóstico de TDAH e alteración do sono.
- Un alumno que repetiu o segundo curso da primaria con diagnóstico de TDAH e dislexia. Mostra dificultades de aprendizaxe moi significativas polo que ten adaptación curricular nas áreas instrumentais e na lingua estranxeira.
- Un alumno con dificultades de aprendizaxe en todas as áreas e cun contexto social e familiar desfavorecido.

- **5º de Educación Primaria:**

- Un alumno diagnosticado con TDAH.
- Un alumno con dificultades específicas na lectura e na escritura.
- Unha nena con dificultades de aprendizaxe xeneralizadas en todas as áreas.
- Unha nena que está repetindo curso e que presenta dificultades de aprendizaxe en tódalas áreas.

- **6º de Educación Primaria:**

- Un alumno que repetiu o segundo curso da educación primaria con adaptación curricular nas áreas instrumentais e no inglés. Está pendente da valoración dunha posible discapacidade intelectual.
- Un alumno que repetiu o cuarto curso da educación primaria que presenta dificultades de aprendizaxe na totalidade das áreas.
- Una alumna estranxeira de integración tardía no sistema educativo. Ten un diagnóstico de TDAH.
- Unha alumna con dificultades de aprendizaxe xeneralizadas en tódalas áreas. A súa valoración por parte dos servizos sanitarios confirmou unha capacidade intelectual bastante baixa, pero que non implica discapacidade intelectual.
- Un alumno con dificultades de aprendizaxe e diagnóstico de TDAH e dislexia.

3.- ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO TRABALLO

Dada a gran heteroxeneidade do noso alumnado é preciso ofrecer unha resposta educativa adecuada e integradora. Para desenvolver en todos os nenos e nenas as súas capacidades partimos dun coñecemento profundo da súa situación persoal e sociocultural e dos seus procesos e ritmos de aprendizaxe, admitindo a disparidade dos resultados e compensando carencias nos casos que corresponda.

Na actualidade, coa implantación da LOMCE (Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) non se modificou o termo acneae (alumnado con necesidade específica de apoio educativo) nin a súa definición: “alumnos e alumnas que requiren atención educativa diferente a ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía o sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”.

A atención a diversidade no noso centro abrangue a tódalas etapas educativas e a tódolos alumnos e alumnas e pretende desenvolver os seguintes **principios**:

- A calidade da educación para todo o alumnado independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación, e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención as que deriven de discapacidade.
- A flexibilidade para poder adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado.
- A educación na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

Como especialista en Pedagogía Terapéutica, ademais da atención docente directa que teño que prestar ó alumnado en función das súas necesidades, teño as seguintes **funcións**, establecidas na lexislación vixente:

- Coordinar as cuestións relacionadas coa educación e estancia no centro dos alumnos/as con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.

- Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó a.c.n.e.a.e.
- Orientar ó profesorado que lles imparta docencia ós a.c.n.e.a.e, así como a eles mesmos e as súas familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesor titor ou coa profesora titora e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares, no seguimento e na súa avaliación.
- Participar na avaliación inicial do alumnado e, cando sexa necesario, naquelas sesións de avaliación que afecten ao acneae.

As **intervencións** a levar a cabo en relación a atención a diversidade concréntanse para os diferentes sectores que compoñen a nosa comunidade educativa:

3.1.- INTERVENCIÓN XERAL NO CENTRO:

- Participar nas revisións e actualizacións dos documentos de centro procurando que asuman a atención á diversidade.
- Sensibilizar e informar a comunidade educativa e promover actitudes de respecto e tolerancia ante a diversidade.
- Ofrecer a aula de apoio como "aula de recursos" para o centro.
- Elaboración do horario de atención ó alumnado con n.e.a.e.

3.2.- INTERVENCIÓN CO ALUMNADO:

- Procurar o desenvolvemento normalizado e integral do alumnado con n.e.a.e no ámbito educativo, psicolóxico e afectivo.
- Atender directamente ao alumnado con n.e.a.e no seu grupo ou individualmente cando se considere necesario.
- Proporcionar o reforzo pedagóxico axeitado para favorecer a adquisición das aprendizaxes nas distintas áreas educativas por parte do alumnado.

- Facilitar a plena integración dos alumnos/as no mundo escolar.
- A procura e elaboración ou adaptación de recursos e material didáctico apropiado para os suxeitos aos que se van a atender.
- Elaborar e aplicar programas para a adquisición de habilidades no ámbito da autonomía persoal ou social para aqueles alumnos que requiran adaptacións individuais.

3.3.- INTERVENCIÓN CO PROFESORADO:

- Colaborar cos titores e titoras na detección temperá das n.e.a.e do alumnado.
- Coordinar a resposta educativa ao alumnado con n.e.a.e con tódolos mestres e mestras implicadas.
- Colaborar coas titoras e titores na elaboración e actualización das adaptacións curriculares.
- Coordinar e colaborar co resto do profesorado na adecuación de recursos ou materiais necesarios para a realización do proceso educativo dos aneae.
- Establecer unha boa coordinación co profesorado implicado para garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Asesorar sobre os criterios pedagóxicos que podan previr dificultades de aprendizaxe: agrupamentos, organización de espazos, distribución de tempos, etc.
- Participar nas sesións de avaliación e na elaboración de informes.

3.4.- INTERVENCIÓN COAS FAMILIAS:

- Orientar e asesorar ós pais e nais dos aneae.
- Implicar aos pais e nais para a súa participación e colaboración activa na educación do seu fillo ou filla.

- Informar a nais e pais sobre a importancia do papel da familia nos procesos de aprendizaxe e sobre formas de colaboración entres as familias e os profesorado.
- Facilitar ás familias información sobre a evolución e aproveitamento escolar dos seus fillos e fillas.

3.5.- INTERVENCIÓN CO CONTORNO:

- Establecer liñas de colaboración e coordinación entre os diversos profesionais e axentes externos ao centro que interveñen no proceso educativo dos aneas: profesionais da psicoloxía e logopedia, fisioterapeutas, EOE, servizos sanitarios e sociais, asociacións e institucións, etc.

4.- INTERVENCIÓN EDUCATIVA CO ALUMNADO CON NEAE.

4.1.- CRITERIOS XERAIS DE INTERVENCIÓN.

- Valorarase, previa avaliación inicial, se é necesario que algún dos alumnos e alumnas de nova incorporación ao centro reciban apoio pedagóxico.
- Terase especial coidado no seguimento daqueles alumnos e alumnas que leven un retraso significativo no seu aprendizaxe e polo tanto requiran de medidas de atención educativa.
- Tendo en conta que ó longo do curso pódese producir a escolarización de acneae, poderase facer unha análise da situación dende o DO para reorganizar os apoios e dar unha resposta educativa axeitada.
- Estas medidas adoptaranse desde o momento en que se identifiquen as necesidades educativas do alumno ou alumna e en calquera momento do ciclo, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Compete a todo o profesorado do centro implicarse e colaborar nas medidas educativas axustadas as necesidades dos alumnos e alumnas e, só cando as medidas ordinarias non resulten suficientes, incluírase a intervención da mestra de PT.
- A miña labor con este alumnado centrarase na atención das dificultades presentes, así como na colaboración e coordinación co resto do profesorado na prevención, detección e valoración destes e outros posibles problemas de aprendizaxe que puideran xurdir ao longo do curso, así como na elaboración de posibles estratexias para facerlles fronte.
- Ofrecerase unha atención personalizada, de forma individual ou en pequeno grupo, na súa aula de referencia. Poderán saír á aula de apoio só durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

- Elaboraranse os programas de intervención coas propostas específicas de traballo para cada un deles.
- Os recursos especializados de pedagogía terapéutica serán complementarios aos ordinarios.

4.2.- OBXECTIVOS

- Desenvolver ao máximo as aprendizaxes curriculares correspondentes ao ámbito matemático e lingüístico.
- Conseguir o dominio progresivo das técnicas instrumentais básicas: numeración, cálculo, lóxica-matemática, lectura, escritura, comprensión e expresión oral e escrita, resolución de problemas.
- Adquirir e aplicar as técnicas básicas de análise e extracción da información de textos: subliñado, resumes, esquemas, mapas conceptuais....
- Mellorar as súas capacidades cognitivas: memoria, percepción, atención, razoamento, abstracción, planificación, orientación espazo-temporal.
- Mellorar a comprensión e o emprego das estratexias e os conceptos básicos das matemáticas para aplicar na vida diaria.
- Fomentar o gusto polo desempeño de tarefas escolares.
- Adquirir hábitos e rutinas de traballo.
- Incrementar a capacidade de atención e concentración nas tarefas.
- Fomentar a súa autonomía nos aprendizaxes e preparación para a vida en sociedade, ademais da confianza en si mesmos.
- Axudarlles a superar a frustración ante o fracaso e afrontar as dificultades.
- Proporcionar un estilo de ensino democrático, que favoreza un clima positivo na aula, ensinándolle a respectar as normas e asumir responsabilidades.

- Adquirir empatía e capacidade de negociación cos demais.
- Desenvolver a competencia social, emocional e de conduta.
- Aumentar o seu autocontrol en situacións sociais.
- Espertar o interese pola procura de solucións aos seus propios problemas.
- Aumentar a súa autoestima, facéndoos conscientes das súas capacidades e desenvolvendo unha imaxe positiva de si mesmos.

4.3.- COMPETENCIAS CLAVE

A través desta programación trataremos de que o alumnado adquiera no maior grao posible o desenvolvemento das sete competencias clave recollidas no Decreto 105/14. Na LOMCE as Competencias clave “conceptualízanse como un «saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión del coñecemento presente nas competencias, e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran”.

Son aquelas competencias que debe desenvolver un alumno ou alumna ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da súa vida.

Cada unha das materias contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa parte, cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias materias.

Competencia en comunicación lingüística:

Refírese a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación

do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, componse e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa súa vida cotiá e co mundo laboral.

Competencia dixital (CD):

Consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender a comunicarse.

Está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

Competencia aprender a aprender (CAA):

Supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Comporta ter conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras, e obter un rendemento máximo e personalizado delas coa

axuda de distintas estratexias e técnicas: de estudo, de observación e rexistro sistemático de feitos e de relación.

Competencia sociais e cívicas (CSC):

Fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír a súa mellora. Nela están integrados os coñecementos diversos e habilidades complexas que permitan participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

Entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, e tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Esta competencia refírese, por unha banda, á adquisición da consciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Por outra banda, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.

Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC):

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e de disfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Incorpora, así mesmo, o coñecemento básico das principais técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas, así como das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural.

4.4.- CONTIDOS

- Técnicas instrumentais básicas: numeración, cálculo, lóxica-matemática, lectura e escritura, comprensión-expresión oral e escrita, resolución de problemas.
- Técnicas de extracción da información e síntese dun texto: de rexistro (prelectura, lectura, lectura de repaso, toma de notas...); de análise (subliñado, resumes, ideas clave, esquemas, mapas conceptuais...).
- Estratexias meta-cognitivas: percepción, memoria, atención, razoamento, abstracción, planificación, orientación espazo-temporal.
- Contidos das materias de matemáticas, lingua castelá e lingua galega.
- Establecemento de normas: respecto, tolerancia, convivencia, etc.
- Focalización e mantemento da atención.
- Autoinstrucións, autodirección e planificación da conduta social.
- Habilidades de comunicación e sociais: diálogo, empatía, asertividade, etc.
- Autoestima: autoimaxe, autocontrol, etc.

4.5.- TEMPORALIZACIÓN

Tomando como referentes os principios de integración e normalización, a mestra de pedagogía terapéutica, a mestra de audición e linguaxe, a orientadora e o equipo directivo establecerán o horario de atención ao aneae para o curso 2020-2021, atendendo os seguintes criterios:

- Estableceranse as bandas horarias máis axeitadas para cada alumno ou alumna en función do horario da aula ordinaria.
- Respetaranse as sesións de educación física, lingua estranxeira, educación artística e musical e relixión ou valores cívicos.
- O horario establecerase coa suficiente flexibilidade para adaptarse ás posibles necesidades que poidan xurdir (cese do apoio, incorporación de novos alumnos ou alumnas...).
- A duración das diferentes sesións será flexible e adaptarase aos horarios e estrutura da aula ordinaria, así como as necesidades do alumnado e do centro.

4.6.- METODOLOXÍA

A metodoloxía será aberta, flexible, individualizada, normalizadora e integradora, para que ademais de poder adaptarse as capacidades, necesidades e intereses de cada alumno e alumna, permita integrar ó alumnado con características especiais e proporcionar para eles situacións de máxima normalización.

Atenderá a heteroxeneidade dos alumnos e alumnas, estará rexida polos seguintes **principios básicos**:

- Participación activa do alumnado a través da observación directa, da exploración, da experimentación e da manipulación, que lle procure o maior número posible de experiencias axudándolle a ser mais autónomo.
- Partir do nivel de desenvolvemento e do recordo dos coñecementos previos e da motivación do alumnado, para pasar a presentar os novos contidos.
- Promover a aprendizaxe significativa e funcional transferible a diferentes contextos.
- Posibilitar que o alumnado aprenda a aprender por si mesmo.

- Empregaranse apoios gráficos e visuais como esquemas, gráficas, rectas numéricas, calendarios, debuxos, obxectos... para asegurar unha maior asimilación dos novos contidos e garantir desde xeito a súa xeneralización.
- Favoreceremos o tratamento globalizado ou interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe.
- Secuenciaranse os contidos por orde de dificultade prestando especial atención ós procedementos e ás actitudes.
- Motivación do alumnado a través do apoio e da organización de actividades de modo que estas segan unha gradación e secuenciación coherente.
- Partir dos centros de interese, do concreto, coñecido, real... cara o xeral, descoñecido, abstracto....
- Aproveitar situacións lúdicas que familiaricen aos alumnos e alumnas cos contidos a traballar.
- O xogo será outro elemento clave neste proceso educativo, empregado como ferramenta, ademais de como actividade con finalidade propia, sexa esta lúdica ou non.

Un aspecto importante é que cada neno e nena sexa o protagonista do seu propio proceso de ensino e aprendizaxe, sendo o mestre ou mestra un guía. Favorecerase a interactividade cos compañeiros e compañeiras, aprender a colaborar, a axudalos, a cooperar; sempre respectando as medidas de seguridade persoal impostas pola crise sanitaria da COVID 19. Fomentarase a creatividade e a imaxinación, ofrecendo situacións e actividades favorables o seu desenvolvemento.

Impulsarase o emprego do software educativo e o uso das TICs como recurso para o proceso de ensino e aprendizaxe, o deseño de proxectos e a elaboración de material, especialmente polo seu carácter motivador e polo grao de implicación do alumnado no seu aprendizaxe. O uso das TICs cobra especial relevancia en prevención da posibilidade de que os alumnos e alumnas teñan que desenvolver nalgún momento o proceso de ensino e aprendizaxe de xeito telemático.

Fomentarse a animación a lectura, tempo diario de lectura, prácticas de comprensión e fomento da escritura, especialmente polo seu valor educativo na atención aos acneae.

Todo isto dentro dun ambiente de afecto e confianza, dando así seguridade ós alumnos e alumnas e propiciando a súa espontaneidade, pero tamén atendendo a unhas normas de conduta claras, promovendo a convivencia.

4.7.- ACTIVIDADES

Partindo das características do alumnado as actividades centraranse no desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos como a comprensión e expresión, atención, percepción, memoria, razoamento lóxico, orientación espazo-temporal, autonomía e relación social e na competencia matemática e lecto-escritora.

Como exemplos destas actividades podemos citar entre outras:

- Actividades para centrar a atención e a percepción: buscar números nunha lámina, exercicios no ordenador, riscar a imaxe que non ten relación coas demais, buscar diferenzas entre dous debuxos, palabras encadeadas, encaixar figuras, seguir itinerarios, discriminación figura-fondo, labirintos, xogos de mesa (parchís, cartas).
- Actividades para coñecer as dimensións espaciais: a través de láminas nas que se sinalarán obxectos atendendo ós criterios dentro-fóra, arriba-abaxo, diante-detrás, pechar-abrir... Xogar a ordenar obxectos, ordenar viñetas, colocar obxectos repetindo seriacións (atendendo ós criterios de grande, mediano e pequeno, arriba/abaixo, esquerda/dereita, diante/detrás, preto/lonxe... Buscar un obxecto oculto seguindo pistas espaciais. Localizar e situar obxectos. Interpretar gráficos sinxelos (rutas, mapas, labirintos, etc).
- Actividades para traballar a percepción temporal: a través de fichas de secuencias temporais contadas en 3 ou 4 etapas sucesivas. Actividades a partir de contos, preguntárolle que sucedeu antes ou despois dun determinado momento. Medidas de tempo: anos, estacións, meses, semanas, días, horas... traballados en paneis nos que diariamente se sinale a data, a estación e o tempo e que sirva para anotar datas sinaladas.

- Actividades para desenvolver a memoria: lembrar obxectos da aula, poñer sobre a mesa diferentes obxectos e pedirlle que non mire ó tempo que quitamos un deles para que trate de descubrir cal é o que falta. Xogar a inventar un listado de palabras entre tódolos alumnos de forma que cada un repita todas as que xa se dixeron antes de engadir unha nova. Lembrar os debuxos dunha lámina despois de observala durante un tempo. Colocar obxectos sobre a mesa nunha orde determinada, desordenalos e pedir que se coloquen na orde inicial.
- Actividades para potenciar o razoamento: Clasificar obxectos acorde a un criterio dado (cor, forma, grosor...) Relacionar oficios cos lugares de traballo e instrumentos que se utilizan. Atopar relacións de igualdade, semellanza ou diferenza entre diferentes obxectos ou figuras. Descubrir absurdos a través de debuxos ou expresados a través de oracións. Distinguir entre o superficial e o fundamental a través de textos...
- Actividades para potenciar a autonomía: Facer recados aproveitando as pequenas necesidades cotiás da aula: solicitar algún material escolar ou dar algún recado a un compañeiro ou a outro profesor. Actividades construtivas; borrar a encerado, ordenar a clase, repartir folios, libros, etc. Estas actividades levaranse a cabo sempre que a situación sanitaria o permita. Ata entón o alumnado non compartirá materiais nin fará recados fora dos límites do seu grupo de convivencia estable.
- Actividades para potenciar as relacións sociais: promoveremos a relación social realizando actividades en parella, proponendo actividades nas que se vexan obrigados a buscar a colaboración dos compañeiros. Traballarase as habilidades sociais: saudar, iniciar e manter conversas, escoita activa, aprender a enfrontar situacións sociais.
- Actividades manipulativas: Realizar modelado, ensarte, picado, cosido, cortado, punteado, resgado, recortado, pegado, pintura e coloreado, repertorios grafo-manuais: seguido de liñas, camiños e labirintos, empregar ollo-man dominantes manipulando obxectos cotiás.
- Actividades para o coñecemento dos números: establecer a correspondencia entre grafa-cantidade, contar obxectos e numeralos. Facer series numéricas, anterior e posterior dun número dado, ditado de números ata o 1000.

- Exercicios coas operacións básicas: facer sumas e restas, primeiro coa axuda dos obxectos, colocar sumas e restas en horizontal e vertical e resolvelas, sumas e restas con levadas, multiplicación e división... Resolución de problemas coas operacións básicas, manexo da moeda, uso do reloxo.
- Actividades de lectura e escritura: asociar imaxe-palabra, xogos no ordenador (Aprendo a ler con Pipo...), lectura de contos, fábulas, adiviñas... Diferenciar sílaba, palabra, oración, parágrafo e texto. Ordenar sílabas para formar palabras, ordenar frases, elaborar textos sinxelos de maneira coherente.
- Actividades de comunicación e expresión: Explicar oralmente que fixo o fin de semana, vacacións.... completar analogías e frases sinxelas; expresar diferenzas e semellanzas entre obxectos; formar campos semánticos e familias léxicas; atopar sinónimos/antónimos; contar contos, historias, películas...; iniciar a escritura de frases sinxelas, con orde lóxica e corrección ortográfica e gramatical.
- Actividades de extracción da información e sínteses dun texto: Subliñar con cores as ideas principais das secundarias, os títulos dos subtítulos... Facer resumes, esquemas, mapas conceptuais,... dos temas. Realizar a lectura dun texto e extraer as ideas principais contestando a preguntas dadas de diversas maneiras: tipo test, de contestacións curtas, de redactar,... Preparar un tema para expoñer, podendo ter soamente unha pequena ficha como guía. Tomar apuntes sobre un tema exposto, cos apuntes tomados, intentar refacer o traballo.
- Actividades de planificación e organización do seu traballo: Analizar as condicións físicas e ambientais nas que estuda na súa casa e en que aspectos debe mellorar. Eliminar elementos de distracción cando estudan. Saber en que momentos do día renden máis no seu estudo... Elaborar un horario de estudo persoal acorde co escolar, dedicándolle máis tempo ás materias nas que teñan máis dificultades.
- Actividades para traballar comportamentos axeitados: Realizar un mural coas normas de convivencia da aula acordadas. Facer representacións de condutas inadecuadas e valorar as súas consecuencias. Realizar charlas orientativas de determinadas condutas propias e dos demais. Presentar un conflito e ensinalle os pasos a seguir para resolvelo: detectar e definir o conflito, busca de alternativas, toma de decisións.

Propoñerlle varias opcións a elixir, situacións hipotéticas, e que interprete as solucións máis adecuadas. Poñerse no lugar dos outros-empatía.

4.8.- RECURSOS

En canto ós **Recursos Personais** contamos co profesorado implicado e membros do DO, así como con aqueles profesionais externos ó centro que poidan intervir ou colaborar co alumnado, entre eles o EOE, CEFORE, Servizos Sociais, coa familia, contactos con asociacións especializadas, etc.

En canto ós **Recursos Materiais** faremos referencia tanto á selección como adaptación e elaboración de materiais. De maneira xeral destacamos:

- Material polisensorial e manipulativo: obxectos reais, reproducións ou miniaturas, ábacos, imaxes e láminas (axuda visual), fotos persoais (motivación), medios audiovisuais (redundancia), libros de lectura personalizados, paneis de actividades, mural do tempo... O material será coidadosamente desinfectado despois de cada uso e deixado en corentena cando non se poda desinfectar.
- Material informático: os programas de ordenador motivan e facilitan o traballo autónomo. A través da adaptación, deseño e recompilación de actividades, recursos específicos destinados aos acneae: CDs, páxinas web, materiais impresos, blogs, experiencias de centros, wikis, etc.
- Material bibliográfico: o propio libro de texto dos alumnos/as, así como os dos ciclos anteriores, caderniños de lectura e escritura e cálculo. Destacar a modo xeral as series de manuais cos que se poden traballar diferentes áreas: razoamento, linguaxe, cálculo, pensamento creativo, orientación espacial e temporal, atención e observación, memoria, estratexias de aprendizaxe, etc.

En canto ós **Recursos Organizativos** terase en conta a flexibilidade na organización dos espazos na aula (eliminar os factores ambientais perturbadores, colocación do alumno ou alumna diante do mestre ou mestra, coidar as condicións ambientais da aula coma diminuír o ruído, colocación das mesas permitindo o traballo cooperativo, creación de espazos específicos que posibiliten a autonomía do alumnado...).

Na distribución dos tempos de traballo (adecuación horaria que respecte os diferentes ritmos de aprendizaxe, darlle máis tempo para rematar a tarefa, eliminar momentos mortos de actividade...).

Para a coordinación cos diferentes profesionais que interveñen co alumnado, levarase a cabo un traballo cooperativo interprofesional en base a principios de coherencia; planificando, rexistrando e avaliando permanentemente o proceso do apoio.

4.9.- AVALIACIÓN

A avaliación terá carácter continuo, formativo, global e integrador. Terá en conta non só o proceso de ensino e aprendizaxe do alumno e alumna senón tamén a totalidade dos elementos que forman parte do proceso educativo: estratexias metodolóxicas empregadas, recursos, a miña práctica docente, coordinación-participación de titores, profesores e pais, adaptacións realizadas...

O **proceso de avaliación** se efectuará nos seguintes momentos:

- **Avaliación Inicial:** para coñecer as capacidades básicas, a competencia curricular, o estilo de aprendizaxe e a motivación para toma de decisións curriculares.
- **Avaliación Formativa:** para a reflexión e valoración do proceso que seguiu o alumno ou alumna e a súa evolución, atendendo globalmente a todos os ámbitos da persoa e non soamente aos aspectos puramente cognitivos.
- **Avaliación Final:** realizarase ao concluír o curso académico e proporcionará información dos resultados obtidos respecto ao proceso de ensino e aprendizaxe, onde figurará a promoción ou non do alumnado.

Os **criterios de avaliación** especificados na programación, serán o referente fundamental para valorar o progreso do alumno en canto a:

- Grao de consecución dos obxectivos e contidos.
- Grao de adquisición das competencias clave.

- Grao de desenvolvemento das aprendizaxes acadadas.
- Grao de satisfacción das medidas adoptadas para a mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Os **procedementos e técnicas de avaliación** nos que me apoiarei serán: a observación directa (das actividades preparadas, das situacións espontáneas, do interese, esforzo, nivel de participación...), a análise das producións (cadernos e traballos realizados...), as probas de nivel (orais, escritas,...).

Os **instrumentos de rexistro** da información recollida empregados serán: as escalas de observación, fichas de seguimento e/ou listas de control.

As sesións da avaliación faranse conxuntamente cos titores e profesores especialistas das distintas áreas e nelas participarei como mestra especialista de pedagogía terapéutica. E os resultados quedarán reflectidos nun informe trimestral de cada alumno e alumna.

Ao rematar o curso, elaborarei un informe final da evolución de cada alumno e alumna en base ao seu programa de intervención. A valoración global do proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, da miña práctica docente e da propia programación reflexareino nunha memoria final.

5.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo ó alumnado comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real.				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes.				
Propoño metodoloxías diversas.				

6.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 e o 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito do colectivo LGTBI.

Este ano, debido á crise sanitaria causada pola COVID 19, tódalas festas e conmemoracións celebraranse por separado en cada grupo de convivencia estable, salvo que a situación epidemiolóxica mellore.

7.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorar a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

ASPECTOS DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
Determináronse os estándares imprescindibles.				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados.				
Medidas de atención á diversidade: Tivéronse en conta medidas xerais de intervención educativa e se aplicaron os protocolos correspondentes				
Cumpríronse as medidas acordadas para o alumnado con NEAE.				
Leváronse a cabo estritamente as AC autorizadas				
Definíronse e executáronse con rigor os programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares.				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura.				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino.				
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.				

As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado.				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados.				
Infórmase ás familias e ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas.				
Coordinación entre o equipo didáctico.				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas.				
Actividades extraescolares e complementarias.				

8.- ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á CRISE SANITARIA MOTIVADA POLA COVID - 19

8.1.- OBXECTIVOS MÍNIMOS EN CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:

Estarán establecidos no programa individualizado de intervención de cada alumno e alumna. En xeral, priorizaranse os obxectivos relacionados cos procesos psicolóxicos básicos e coas aprendizaxes mais instrumentais:

- Conseguir o dominio progresivo das técnicas instrumentais básicas: numeración, cálculo, lóxica-matemática, lectura, escritura, comprensión e expresión oral e escrita, resolución de problemas.
- Mellorar as súas capacidades cognitivas: memoria, percepción, atención, razoamento, abstracción, planificación, orientación espazo-temporal.
- Adquirir hábitos e rutinas de traballo.
- Incrementar a capacidade de atención e concentración nas tarefas.
- Fomentar a súa autonomía nos aprendizaxes.

8.2.- CUESTIÓNS XERAIS ACERCA DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019 – 2020. PLANS DE RECUPERACIÓN.

Ó comezo do curso, como todos os anos, as mestras de Pedagogía Terapéutica farán a avaliación inicial do alumnado para elaborar un programa de intervención individualizado. Este programa terá en conta os contidos non impartidos na aula de referencia do curso 2019 - 2020 debido á declaración do estado de alarma e incluírá, se procede, os aprendizaxes non adquiridos que o titor ou titora incluíu no informe individualizado do curso pasado.

As mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica colaborarán cos titores e titoras na elaboración dos distintos plans de recuperación aportando a información extraída

da avaliación inicial do acneae e consensuando os obxectivos e contidos esenciais dos programas individualizados de intervención.

8.3.- MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

No principio do curso, levaranse a cabo as seguintes accións preparatorias dun posible ensino telemático:

- Identificación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo con dificultades de conexión e/ou falta de equipamento informático.
- Posta en marcha da aula virtual. Pedagogía terapéutica constará como unha materia mais de cada curso da educación primaria na que soamente estarán matriculados os alumnos e alumnas que reciben sesións de PT en cada curso.
- Formación do profesorado de PT no uso das aulas virtuais.
- Uso da aula virtual nunha das sesións semanais de cada alumno e alumna para contribuír ó seu uso autónomo.

No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, tanto de xeito individual como colectivo, están previstas as seguintes medidas:

- As mestras de PT favorecerán a coordinación cos titores e titoras do acneae para deseñar o número e tipo de tarefas a desenvolver na aula virtual.
- A materia de Pedagogía Terapéutica terá na aula virtual un formato semanal e terá en conta o número de sesións presenciais que tiña o neno ou nena para axustar a cantidade de tarefas a este parámetro. Programaranse de tal xeito que non supoñan unha carga de traballo excesivo.
- Semanalmente planificarase unha vídeo conferencia para cada alumno/a ou grupo de alumnos/as de Pedagogía Terapéutica para facer un seguimento da súa situación e ofrecer axuda en calquera ámbito no que atopen dificultades (uso da aula virtual, axuda coas tarefas da aula ordinaria, estado emocional...)

- Manterase un contacto estreito coas familias do acneae para coñecer as súas dificultades para levar a cabo o ensino telemático. Ofreceráse axuda e apoio en caso de necesitalo.

Mónica Castro Roa

Eva Cameselle Pazó